# M e m o r i a

# d e

# a c t i v i d a d e s

# 2 0 2 2 - 2 0 2 3

# ÍNDICE


I. INTRODUCIÓN

II. CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES SEMANAIS

III. RELACIÓN DETALLADA DE ACTIVIDADES POR DEPARTAMENTO

- Departamento de Matemáticas
- Departamento de Economía
- Departamento de Xeografía e Historia
- Departamento de Filosofía
- Departamento de Educación Física
- Departamento de Ciencias
- Departamento de Tecnoloxía
- Departamento de Francés
- Departamento de Inglés
- Departamento de Lingua Española
- Departamento de Lingua Galega
- Departamento de Física e Química
- Departamento de Latín e Grego
- Departamento de Plástica
- Departamento de Relixión
- Departamento de Actividades complementarias e extraescolares

IV. VISITAS AO MUSEO DO IES OTERO PEDRAYO

V. MEMORIA DO BANCO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

VI. PLANS PROXECTA

VII. CONTRATOS-PROGRAMA

## ANEXOS

I. MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

II. MEMORIA DA BIBLIOTECA

III. MEMORIA DO CLUB DE CIENCIA

IV. MEMORIA DO ENDL

# I. INTRODUCIÓN

As actividades extraescolares e complementarias forman parte do proceso de ensinanza-aprendizaxe do IES Otero Pedrayo e teñen por obxecto completar a formación do alumnado, desenvolvendo a súa iniciativa, creatividade, convivencia en grupo, respecto cara á diversidade e sentido crítico.

A magnífica ubicación do noso instituto, en pleno centro de Ourense, xunto cun orzamento específico para este fin, permítenos que o abano ofertado de actividades fóra do centro sexa amplísimo. Visitas a exposicións, participación en olimpíadas (de Matemáticas, de Bioloxía, de Xeoloxía, de Historia, de Textos clásicos…), visitas a fábricas, excursións, múltiples accións ao aire libre... foron algunhas das actividades das que o alumnado do IES Otero Pedrayo puido gozar neste curso de total normalidade, 2022- 2023. Pero, sen dúbida, o máis destacado foi a volta das viaxes deportivas e culturais ao centro: Semana Branca en Sierra Nevada, Asturias- Cantabria, O Porto, Londres...

En canto ás actividades desenvolvidas dentro do centro, poderiamos citar festivais, musicais, proxección de curtametraxes, charlas sobre diferentes temáticas, obradoiros, representacións teatrais no noso Paraninfo, encontro con escritores e escritoras, exposicións, clubs de lectura, actuacións musicais… Hai que engadir que este ano, ademais, o Otero Pedrayo contou co desenvolvemento de cinco plans de innovación educativa (Plans Proxecta), que completaron cualitativa e cuantitavimente a oferta de actividades, ademais dos oitos Contrato-Programa, dos que damos conta no apartado 6. Tamén desenvolvemos un completo Club de Ciencias..

Todas estas actividades son publicitadas a través da páxina web do centro (https://www.edu.xunta.gal/centros/iesoteropedraioourense/) e de redes sociais como Facebook (https://www.facebook.com/InstitutoOteroPedraioOurense).

A actividade levada a cabo no centro é proposta polos diferentes departamentos, así como polo propio Departamento de Actividades, dependente de Vicedirección, desde onde se leva a cabo a coordinación de todas elas. Os obxectivos marcados a comezos de curso foron os seguintes:

- Procurar a participación e implicación de toda a comunidade educativa. Propuxemos actividades dirixidas ao noso alumnado ( a maioría) , pero tamén ao profesorado e persoal non docente

(charlas, conferencias ou cursos de formación, por exemplo) e actividades nas que participaron as familias (o entroido).

- Visibilizar as actividades desenvolvidas no noso centro de ensino. Para iso, todas as semanas lle enviamos ao profesorado, vía mail, unha relación da planificación semanal. Unha vez rematada cada unha das actividades, subímola á páxina web ("Web dinámica"- "Actividades extraescolares" ) e ás redes sociais (Facebook e Instagram).
- Fomentar valores como o da igualdade entre homes e mulleres, o respecto á diversidade (calquera que esta sexa) e o amor cara á nosa lingua.

Antes de rematar esta introdución, é de xustiza destacar o labor magnífico de programación de actividades por parte do Departamento de Orientación, a Biblioteca e o Equipo de Dinamización Lingüística. (Xúntanse memorias en anexo). Tamén cómpre salientar o labor en equipo dun dos departamentos chave á hora da programación de actividades: o departamento de Educación Física. Grazas a todos eles polo seu bo facer, así como as grazas máis sinceras ao resto dos departamentos que aportaron o seu gran de area para poder levar a cabo un plan de actividades tan ambicioso como o que se detalla a continuación.

Olga Quintana Devesa
Vicedirectora do IES Otero Pedrayo

## II. CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES SEMANAIS

# CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES SEMANAIS PRESENCIAIS

O profesorado recibe no seu correo, semanalmente, un cadro coas actividades programadas e coordinadas desde Vicedirección. Este mesmo cadro tamén se proxecta na pantalla da entrada do edificio principal. É por este último medio polo que o alumnado tamén é coñecedor de toda a actividade que van ter.

I.E.S Otero Pedrayo Ourense

**ACTIVIDADES (26- 30 DE SETEMBRO)**

| **DÍA** | **ACTIVIDADE** | **LUGAR** | HORA | **GRUPOS** | **PROFES** |
|---|---|---|---|---|---|
| LUNS, 26 | Encontro interxeracional: Cruz Vermella - IES Otero Pedrayo. Contrato- Programa IGUALA | Paraninfo | 10.10h- 11.00h | 4º ESO B | Anxo Cid<br>Olga Quintana<br>Carlos Gallo |
| | Visita ao museo do IES OTERO PEDRAYO | Paraninfo e corredores | 12.20h- 13.10h | 1º ESO A | Pilar Rodríguez<br>José Manuel Puente |
| MARTES, 27 | Visita ao museo do IES OTERO PEDRAYO | Paraninfo e corredores | 13.10h- 14.00h | 1º ESO B | Pilar Rodríguez<br>José Manuel Puente |
| XOVES, 29 | Visita ao museo do IES OTERO PEDRAYO | Paraninfo e corredores | 11.30h- 12.20h | 1º ESO C | Pilar Rodríguez<br>José Manuel Puente |
| | Gravación TikTok Cruz Vermella- IES Otero Pedrayo. Contrato- Programa IGUALA | Patios interiores | 11.30h- 12.20h | 4º ESO B | Elvira Moroño<br>Olga Quintana |

# ACTIVIDADES (10- 14 DE OUTUBRO)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| XOVES, 13 | “**Fai click ao teu bocata**”. Alimentación saúdable. Plan Proxecta Horto escolar. | Patio interior esquerdo | 10.10h-11.00h | 1º ESO C | Ángela Garrido<br>Leticia Álvarez<br>Olga Quintana |
| | | | 11.30h-12.20h | 1º ESO A | Ángela Garrido<br>Leticia Álvarez |
| | | | 12.20h-13.10h | 1º ESO B | Eduardo Iglesias<br>Olga Quintana |

# ACTIVIDADES (17- 21 de OUTUBRO)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| LUNS, 17 | Obradoiro de creación dramática impartido pola escritora e docente CELIA DÍAZ NÚÑEZ | Biblioteca | 11.30h-13.10h | 1º ESO A | Helena Alonso<br>Jonathan Pérez<br>Pilar Rodríguez<br>Olga Quintana |
| DÍA DAS ESCRITORAS | Lectura de textos seleccionados de escritoras de todos os tempos | Aula | Durante o proxecto lector | ESO | |
| | Selección e exposición de obras literarias de escritoras na Biblioteca | Biblioteca | Durante toda a semana | ESO e BAC | |
| | “Las sinsombrero” Exposición | Corredor principal do edificio histórico | Durante toda a semana | ESO e BAC | |

# ACTIVIDADES (24- 28 de outubro)

# SAMAÍN

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| MÉRCORES 26 | SAMAÍN: Exposición das cabazas decoradas que se presentan a concurso | Entrada do edificio histórico | | | |
| VENRES, 28 | SAMAÍN: Entrega de premios: Relatos de terror Mellor cabaza | Paraninfo | 11.00h- 11.30h | Todos os e as participantes | Elvira Moroño<br>Ana Gloria<br>Olga Quintana |
| TODA A SEMANA | SAMAÍN: Xogo da cabaza. Organiza o alumnado de 1º BAC para subvencionar viaxe á neve. | Entrada do edificio histórico | Leceres (11.00h- 11.30h) | ESO<br>BAC | Pablo Fdez. Valencia |

# ACTIVIDADES (7- 10 DE NOVEMBRO)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| LUNS, 7 | Visita Casa- Museo Otero Pedrayo | Cimadevila, Trasalba | 16.00h-19.00h | 1º BAC STEMBAC<br><br>1º BAC C | Daniel Lorenzo<br>Alejo Diz |
| XOVES, 10 | *MAGOSTO:<br>- Bolos preñados, bica e castañas<br>- Xogos populares<br>- Música | Patio exterior | 11.00h-14.00h | 1º, 2º, 3º e 4º ESO | Aquel profesorado que teña clase na ESO ás tres últimas horas |

## ACTIVIDADES (21- 25 novembro)

**25N: SEMANA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| LUNS, 21 | **25N**: Sementeria 31. Urbanismo con perspectiva de xénero.<br>*Proxecta Terra* | Aula de referencia | 11.30h | 4º A | Anxo Cid |
| | | | 12.20h | 4º B | Elvira Moroño |
| | | | 13.10h | 4º C | Ángela Garrido (Titoría) |
| | Ateneo de Ourense. Visita ao noso museo | Museo | 18.00h | | Daniel Lorenzo<br>Ana Gloria Rodríguez |
| MÉRCORES 23 | **25N**: Tratamento da violencia de xénero na publicidade e nos medios de comunicación social. Proxecta "Por 365 días de respecto e igualdade".<br><br>O tratamento da violencia contra as mulleres na prensa escrita. Exposición e explicación do traballo realizado polo noso alumnado. | Paraninfo | 11.30h-13.10h | 2º ESO<br>3º ESO | Aquel profesorado que teñe clase con estes grupos |
| XOVES, 24 | 25N. Teatro. "Non calar" Trécola Teatro. Posterior coloquio cos actores e actrices | Paraninfo | 11.30h-12.20h | 1º BAC | Aquel profesorado que teña con este grupo a 4ª hora |
| VENRES, 25 | Lectura do manifesto<br>Actuacións musicais<br>Explicación do mural contra a violencia do patio exterior. | Patio exterior | 11.00h (Lecer) | ESO | |

# ACTIVIDADES (12- 16 decembro)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| LUNS, 29 | Visia a dúas exposicións:<br>- AI: More than Human (intelixencia artificial)<br>- Exposición fotográfica Steven Maisel | A Coruña | 7.30h-17.00h | 2º BAC Tic II (Quedará listaxe dos asistentes encima da mesa do profesorado | Roberto Carlos González |
| | Fotos graduación 2º BAC<br><br>* Excepto en 2º B, que o alumnado está en optativas e baixa a clase en dúas veces, no resto dos grupos van **baixando de 5 en 5** por orde de lista, para facilitarlle o traballo ao fotógrafo. | Despacho xefatura edificio anexo | 9.20h-10.10h | 2º BAC A | Abraham |
| | | | 10.10h-11.00h | 2º BAC B | Independentemente das optativas, de 10.10h a 10.35 baixarán os 10 primeiros alumnos de clase (De Susana Álvares a Eva González) e de 10.35h a 11.00h baixarán os últimos (de Wissal Hajil a Beltrán Taboada)<br>O alumnado está avisado |
| | | | 11.30h-12.20h | 2º BAC C | Abraham |
| | | | 12.20h-12.40h | 2º BAC D | Olga Porral |
| | | | 12.40h-13.10h | 2º BAC E | Mateo Martínez |

# ACTIVIDADES (19- 22 decembro)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| MARTES, 20 | Charla- obradoiro: **Estes romanos están tolos**, impartida por Ana Suárez. (Programa A Ponte, USC) | Paraninfo | 11.30h- 12.20h | 4º ESO B<br>1º BAC A | Ana Gloria Rodríguez<br>Olga Quintana |
| MÉRCORES, 31 | Charla: “**Engánchate ao voluntariado**”, impartida por persoas privadas de liberdade da prisión de Pereiro. Departamente de Orientación | Paraninfo | 10.10h- 11.00h | 1º ESO A, B, C | Ángeles González<br>Laura Rodríguez<br>Emilia González<br>Sophie Monboisse<br>Soledad Rodríguez<br>Carlos Gallo |
| XOVES, 22 | Club de lectura “Aleitando”: Proxección do filme de Harry Potter | Edificio anexo | 8.30h- 11.00h | Alumnado1 º ESO participante no club de lectura. Estará a listaxe por riba da mesa para pasar lista. | Ana Gloria Rodríguez |
| | **Festival de Nadal** | Paraninfo | 11.30h- 12.40h | 3º e 4º ESO | Profesorado que teña clase con estes grupos |
| | | | 12.45h- 14.00h | 1º E 2º ESO | |

# ACTIVIDADES (28 novembro- 4 decembro)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| MARTES, 29 | Tertulia literaria: ***Rewind***, Juan Tallón<br><br>(Organiza: Biblioteca) | Biblioteca | 19.00h | Familias, profesorado, persoal non docente, persoal Cruz Vermella | |
| | Campaña de Nadal Protección Civil Concello de Ourense<br><br>**Recollida de alimentos e xoguetes.** | Entrada do edificio histórico | | | |
| MÉRCORES, 30 | 25N. A violencia de xénero no mundo dixital | Paraninfo | 8.30h | 1º A e B | Pilar Rodríguez<br>Chus Gómez<br>María Fernández |
| | | | 9.20h | 1º C | Emilia González<br>Laura Rodríguez |
| XOVES, 1 | **Día Mundial da Sida**<br>O departamento de Orientación deixará material nas aulas virtuais para commemorar a efeméride | Titorías | | | |
| VENRES, 2 | **Experimentando na Biblioteca**<br>As compañeiras de Matemáticas, Emilia e Laura, farán un experimento que non podedes perder | Corredor diante da Biblioteca | 11.00h (Lecer) | ESO<br>BAC<br>Profesorado | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Visita á Catedral de Ourense** | Ourense | 11.00h - 12.20h | Alumnado de Historia da Arte de 2º BAC A e B | Mateo Martínez<br>Cristina García |

| **ACTIVIDADES (9- 13 xaneiro)** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **DÍA** | **ACTIVIDADE** | **LUGAR** | HORA | **GRUPOS** | **PROFES** |
| XOVES, 12 | Charla Economía Asociación Jóvenes Empresarios | Biblioteca | 12.20h - 13-10h | 1º Bac Xeral<br><br>4º ESO A Iniciativa Emprendedora<br><br>Alumnado de Fundamentos de Administración e Xestión de 2º BAC | Profesorado Departamento de Economía |
| VENRES, 13 | Charla:<br>Vacinas contra o cancro | Paraninfo | 10.00h - 11.00h | 1º BAC D e E<br><br>2º BAC D Bioloxía | Profesorado que teña clase a esta hora con estes grupos |

# ACTIVIDADES (16- 20 xaneiro)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| MÉRCORES, XOVES 18, 19 | Tertulias literarias Concellaría de Educación | Liceo | 16.30h | Alumnado voluntario de 4º ESO e 1º BAC | Elvira Moroño |
| XOVES, 19 | Charla Economía Asociación Jóvenes Empresarios | Biblioteca | 12.20h - 13-10h | 1º Bac Xeral<br>4º ESO A Iniciativa Emprendedora<br>Alumnado de Fundamentos de Administración e Xestión de 2º BAC | Profesorado Departamento de Economía |
| VENRES, 20 | Charla: Vacinas contra o cancro | Paraninfo | 10.00h - 11.00h | 1º BAC D e E<br>2º BAC D Bioloxía | Profesorado que teña clase a esta hora con estes grupos |
| | Olimpíada de Filosofía | Facultade de Filosofía. Santiago de Compostela | 9.20h. - 15.30h | Tres alumnas de 1º BAC:<br>- Ana Lía Blanco (C)<br>- Gimena Soto (F)<br>- Uxía Rodríguez(F) | Abraham Rubim |
| | Visita ao Parlamento e á Xunta de Galicia | Santiago de Compostela | 8.00h- 14.30h | 2º ESO A, B, D | Daniel Lorenzo<br>Olga Quintana |

# ACTIVIDADES (23- 27 xaneiro)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| MARTES, 24 | **Exposición Expressarte**. Plan Proxecta "Por 365 días de respecto e igualdade" | Patio interior | | Aberta a todos os niveis. | |
| | **Tertulias literarias** da Concellaría de Educación. Encontro coa escritora | Liceo de Ourense | 17.00h | Alumnado voluntario de 4º ESO e 1º BAC | Elvira Moroño |
| MÉRCORES, XOVES e VENRES, 25, 26, 27 | Programa educar en xustiza: Asistencia a un xuízo | Xulgado do Penal número 2 de Ourense | 10.10-11.00h (Saída do IES ás **9.40h**) * | 4º ESO B (**mércores**) | Olga Quintana<br>Margarita Alfonso |
| | | | | 4º ESO A (**xoves**) | Carolina Suárez |
| | | | | 4º ESO C (**venres**) | Daniel Lorenzo<br>Elvira Moroño |

# ACTIVIDADES (30 xaneiro- 3 febreiro)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| LUNS, 30 | **SEMANA DA PAZ** “Palabras pola paz”. Actividade organizada pola Biblioteca, que consistirá na confección dun mural. | Biblioteca | Durante toda a semana | ESO BAC | Equipo Biblioteca |
| | **SEMANA DA ILUSTRACIÓN** “O cómic de onte a hoxe” Exposición de cómic na Biblioteca. | Biblioteca | Durante toda a semana | ESO BAC | Equipo Biblioteca |
| MARTES, 31 | Visita á exposición: “Plástica castrexa”. | Sala AFundación | 9.20h | 4º ESO B Latín | Ana Gloria Rodríguez |
| | | | 11.30h | 3º ESO CuCla | Inés Rodríguez |
| | | | 12.20h | 1º BAC A | Ana Gloria Rodríguez |
| MÉRCORES, 1 | Proxecta Terra. “Urbanismo con perspectiva de xénero”. Uninficación de criterios. | Paraninfo | 11.30h | 4º ESO A, B, C | Elvira Moroño Chus Goméz Inés Rodríguez |
| VENRES, 3 | OLIMPÍADA DE BIOLOXÍA **(en liña)** | Aula de informática | | 12 alumnos | José Manuel Puente |
| | ENTROIDO INTERXERACIÓ | Paraninfo | 11.30h | 3º ESO | Carolina Suárez Rosa Fernández |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | NAL.<br>Presentación do proxecto | | | | Leticia Álvarez |

# ACTIVIDADES (13- 17 febreiro)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| MARTES, 14 | Teatro en inglés: “Three storyes of England” | Auditorio de Ourense | 9.20-11.30h | 3º ESO<br>A, B, C, D | Leticia Álvarez<br>Andrea Meijomil<br>Jonathan Pérez<br>Olga Quintana |
| XOVES, 16 | Conferencia “El Internet de las cosas” | Paraninfo | 10.00h | Alumnado de 1º BAC de Tenoloxía Industrial e TICS | Departamento de Tecnoloxía |
| VENRES, 17 | OLIMPÍADA DE BIOLOXÍA (Fase Galega) | Santiago de Compostel a | 7.55h-20.00h | Breogán Janeiro<br>Carla González<br>(2º BAC D) | José Manuel Puente |
| | ENTROIDO: Desfile e concurso de disfraces e coreografías | Patio exterior<br><br>(Pavillón no caso de mal tempo) | 10.00h-11.00h | 1º BAC | Profesorado que teña aulas cos grupos de 1º BAC a 3ª hora<br>Equipo directivo |
| | | | 11.30h-14.00h | ESO | Profesorado que teña aulas cos grupos de 1º BAC a 3ª hora<br>Equipo directivo |

# ACTIVIDADES (23, 24 febreiro)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| XOVES, 23 | **DÍA DE ROSALÍA:** Plantamos pensamentos | Horto Patio interior | 11.00h | ESO e BAC | Equipo de dinamización lingüística |
| | Charla: ABAU e adminsión universidade | Paraninfo | 12.00h - 13.10h | 2º BAC | Equipo de Orientación |
| VENRES, 24 | **DÍA DE ROSALÍA:** Convite a un caldiño de gloria durante o lecer. Recitado do poema de Rosalía de Castro. | Entrada do edificio histórico | 11.00h | ESO e BAC | Equipo de dinamización lingüística |
| | Charla USC: "A diversidade lingüística e a comunicación intercultural" | Paraninfo | 12.20h - 13.10h | 1º BAC | Profesorado que teña con 1º BAC a esta 5ª hora. |

# ACTIVIDADES (27 febreiro- 3 marzo)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| LUNS, 27 | EXCURSIÓN A TUI | Tui | 9.00h-18.00h | Alumnado de 1º BAC Relixión | Alejo Diz<br>Manuel Sánchez<br>Fernando del Río<br>J. L. Piñeiro |
| | EXCURSIÓN A PUEBLA DE SANABRIA | Puebla de Sanabria | 8.30h-19.00h | Alumnado de 1º BAC Atención Educativa | Jonathan Pérez<br>Susana Iglesias |
| | Programa VIXÍA: habilidades sociais e resolución de conflitos | Aula de referencia | Hora de titoría | 1º ESO C | Mateo Martínez |
| | Programa VIXÍA: trastornos de alimentación / etiquetado | Aula de referencia | Hora de titoría | 4º ESO B<br>4º ESO C | Chus Gómez<br>Nicolás Fernández |
| MÉRCORES, 1 | Teatro Greco-Latino | Auditorio | 11.30h-13.10h | Alumnado de CuCla 3º ESO<br>4º ESO B<br>1º BAC A | Ana Gloria Rodríguez<br>Olga Quintana |
| | Programa VIXÍA: trastornos de alimentación / etiquetado | Aula de referencia | Hora de titoría | 4º ESO A | Inés Rodríguez |
| XOVES, 2 | "Voamos con números" | Aula Newton da Tecnópole (Ourense) | 9.30h-13.10h | 2º ESO C<br>+ 8 alumnos de 2º ESO D | Eva Álvarez<br>Sabela Núñez |
| VENRES, 3 | Teatro en francés: "Le Tour du Monde de Nellie Bly" | Auditorio | 9.20h-11-30h | Alumnado de Francés de 3º ESO, 4º ESO e 1º BAC | Departamento de Francés |

# ACTIVIDADES (6- 10 marzo)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| LUNS, 6 | **PROGRAMA VIXÍA:** Trastornos de alimentación/ etiquetado | Aula de referencia | Titoría | 4º ESO B<br>4º ESO C | Titores |
| MARTES, 7 | **8M**<br>**A violencia machista nas relacións de parella.**<br>Centro de Recuperación Integral | Paraninfo | 10.10h-11.00h | 3º ESO<br>A, B, C, D | Remedios Sánchez<br>Jonathan Pérez<br>Ángel Álvarez<br>Andrea Meijomil |
| MÉRCORES, 8 | **8M, DÍA DA MULLER**<br>Lectura do manifesto.<br><br>Exposición: Mulleres matemáticas.<br><br>Presentacións sobre mulleres que destacaron en algún campo ao longo da historia. | Entrada principal do edificio histórico | 11.00h | ESO e BAC | |
| VENRES, 10 | **Olimpíada de Química** | | 16.00h | 4 alumnos de 2º BAC | Departamento de Química |
| | **8M**<br>**Olladas estatísticas,**<br>Rosa Crujeiras | Paraninfo | 11.30h-12.20h | 2º BAC A Ciencias, 2º BAC C, D, E | Departamento de Matemáticas |

# ACTIVIDADES (13- 17 marzo).

**Viaxes 1º BAC:**
**- Sierra Nevada. Curso de esquí (12- 18 marzo)**
**- Viaxe educativa e cultural a París (13- 18 marzo)**

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| MARTES, 14 | **DÍA DAS MATEMÁTICAS**<br>- Exposición "Mulleres matemáticas ao longo da historia", en banda deseñada. | Entrada edificio histórico | | | Departamento de Matemáticas |
| | - Matemáticas a través da papiroflexia, pasatempos, lecturas... | Aulas de Matemáticas | | | |
| MÉRCORES,15 | **PROGRAMA VIXÍA:** Trastornos de alimentación/ etiquetado | Aula de referencia | Titoría | 4º ESO A | Titora |
| XOVES, 16 | **Proxecta Horto:** "Ti si que es un bo peixe" | Salón de actos | 9.20h- 10.10h | 1º ESO C | Emilia González<br>Laura Rodríguez |
| VENRES, 17 | "Sexismo na prensa".<br>O tratamento da violencia de xénero na prensa escrita desde o punto de vista da xornalista.<br>Imparten a charla: Laura Vázquez e Alba Chao. | Biblioteca | 10.10h | 2º ESO B<br><br>3º ESO A e D | Chus Cortés<br><br>Marta González |

# ACTIVIDADES (20- 24 marzo)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| MARTES, 21<br>**DÍA DA POESÍA** | Lectura de selección de poemas durante o proxecto lector (*Estarán encima da mesa do profesorado) | Aulas de referencia | 11.30h-11.50h (Proxecto lector) | ESO | Profesorado que teña clase a 4ª hora |
| | Recital da poeta **Zaira Ferradás**, acompañada de **Jonathan Pérez** e do alumnado de 3º ESO A, que tamén recitarán | Biblioteca | 11.30h-12.20h | 3º ESO A | -Responsable Biblioteca<br>-Jonathan Pérez |
| | **Cor e poesía** Lectura de poemas de creación propia de 1º ESO | Biblioteca | Lecer 11.00h-11.30h | 1º ESO | Responsables Biblioteca |
| XOVES, 23 | **Obradoiro alcol e drogas na mobilidade segura** | Patio interior esquerdo | 9.00h-9.20h | 4º ESOB | Olga Quintana |
| | **Charla alcol e drogas na mobilidade segura** | Paraninfo | 9.20h-10.10h | 4º ESO A, B, C | JL Piñeiro<br>JM Puente<br>Eva Álvarez<br>Sonia González<br>Ángeles Glez. |
| | **Visita á Facultade de Ciencias do Mar, CACTI e Estación Marina de Toralla** | Vigo | 8.30h-18.00h | 5 alumnos de STEMBAC Científico (*Haberá unha listaxe encima da mesa para pasar lista) | Juan Luis Neira |

# ACTIVIDADES (27- 31 marzo)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| **LUNS, 27** | **DÍA DA FRANCOFONÍA**<br>Obradoiro e degustación dun dos doces típico de Francia: as **crêpes**. | Patio exterior do instituto. Foodtruck | 16.00h | *Alumnado de Francés de 3º ESO B, C | Dpto. Francés |
| | | | 16.50h | *Alumnado de Francés de 3º ESO A, 4º ESO A, B, C | |
| | Charla:<br>**“Biodiversidade: quen conta e nomea as especies?”** | Paraninfo | 13.10h | 1º BAC D, E e 2º BAC D | Alejo Diz<br>Fernando del Río<br>Patricia Rguez.<br>J.M. Puente |
| **MARTES, 28** | Roteiro:<br>**Ourense literario** | Centro histórico Ourense | 11.10h | 3º ESO A e C | Jonathan Pérez<br>Remedios Sánchez |
| MÉRCORES, 28 | Encontro coa autora **Andrea Maceiras,** ***Que me pare o corazón se te esquezo*** | Paraninfo | 11.30h | 2º ESO C,D | Belén Nóvoa<br>María Fdez.<br>Jesús Otero |
| | | | 12.20h | 2º ESO A, B | Belén Pérez<br>Marta Glez. |
| | ***Club de lectura “Aleitando”. Escoitamos os paxariños.*** | Capela | Lecer | 1º ESO | Biblioteca |
| XOVES, 29 | Roteiro:<br>**Ourense literario** | Centro histórico Ourense | 11.10h | 4º ESO | Elvira Moroño<br>Jonathan Pérez |
| VENRES, 30 | **DÍA DO AUTISMO**<br>- Panel na entrada do edificio histórico<br>- Visibilización da efeméride en todas as portas das aulas<br>- Titorías: traballo | | | | Departamento de Orientación |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | con material sobre o autismo. | | | | |
| | VISITA DO IES LAGOAS.<br>Museo Pedagóxico e Musical Grease | Edificio histórico | | *Alumnado que participa no musical Grease | Olga Quintana |

**EXPOSICIÓN “O REINO NUN MAPA”** no Edificio Anexo. Proxecto de cartografía do Reino Medieval de Galicia, impulsado pola revista de historia **Mazarelos**. Departamento de Xeografía e Historia e EDLG

# ACTIVIDADES (17- 21 abril)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| **LUNS, 17** | Actividade na **Unidade de Cirurxía Experimental** da Consellaría de Sanidade | Unidade de Cirurxía Experimental da Consellaría de Sanidade (Avenida de Zamora) | 9.30h- 11.00h | Alumnado de BioXeo de 1º BAC D *Estará a listaxe encima da mesa do profesorado para pasar lista. | Patricia Rodríguez Vázquez |
| | | | 11.30h - 13.00h | Alumnado de BioXeo de 1º BAC E | |
| | Charla de Alumar, Rede Galega contra a trata: Xogar coa vida das mulleres. | Paraninfo | 10.10h | 4º ESO | María Fdez. Anxo Cid Ánxela Garrido |
| | Charla "O papel da muller na democracia ateniense" | Aula de referencia | 16.00h | 1º BAC A Humanidades | Ana Gloria Rodriguez |
| | Programa VIXÍA: Trastornos de alimentación/ etiquetado. Dpto. Orientación. | Aula de referencia | Hora de titoría | 1º ESO A, B, C | Titores/as |
| | Programa de prevención de condutas violentas: Uso das TICs e as redes sociais. Ciberacoso. Dpto. Orientación. | Aula de referencia | Hora de titoría | 3º ESO B | Titor/a |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **MARTES, 18** | Visita ao noso museo de 40 alumnos/as do IES Beade de Vigo | Museo Pedagóxico | 12.00h | | |
| **XOVES, 20** | Programa de prevención de condutas violentas: Uso das TICs e as redes sociais. Ciberacoso. Dpto. Orientación | Aula de referencia | Hora de titoría | 3º ESO A e D | Titores/as |
| **VENRES, 21** | Programa de prevención de condutas violentas: Uso das TICs e as redes sociais. Ciberacoso. Dpto. Orientación | Aula de referencia | Hora de titoría | 3º ESO C | Titor/a |
| | Teatro: "Mozas na rede", centrado no uso das redes sociais | Paraninfo | 11.30h | 1º ESO A, B, C, D | Pilar Rodríguez<br>Laura Rodríguez<br>Emilia González<br>Ángeles González |

# ACTIVIDADES (17- 21 abril)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| **LUNS, 17** | Actividade na **Unidade de Cirurxía Experimental** da Consellaría de Sanidade | Unidade de Cirurxía Experimental da Consellaría de Sanidade (Avenida de Zamora) | 9.30h-11.00h | Alumnado de BioXeo de 1º BAC D *Estará a listaxe encima da mesa do profesorado para pasar lista. | Patricia Rodríguez Vázquez |
| | | | 11.30h - 13.00h | Alumnado de BioXeo de 1º BAC E *Estará a listaxe encima da mesa do profesorado para pasar lista. | |
| | Charla de Alumar, Rede Galega contra a trata: Xogar coa vida das mulleres. | Paraninfo | 10.10h | 4º ESO | María Fdez.<br>Anxo Cid<br>Ánxela Garrido |
| | Charla "O papel da muller na democracia ateniense" | Aula de referencia | 16.00h | 1º BAC A Humanidades | Ana Gloria Rodriguez |
| | Programa VIXÍA: Trastornos de alimentación/ etiquetado. Dpto. Orientación. | Aula de referencia | Hora de titoría | 1º ESO A, B, C | Titores/as |
| | Programa de prevención de condutas violentas: Uso das TICs e as | Aula de referencia | Hora de titoría | 3º ESO B | Titor/a |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | redes sociais. Ciberacoso. Dpto. Orientación. | | | | |
| **MARTES, 18** | Visita ao noso museo de 40 alumnos/as do IES Beade de Vigo | Museo Pedagóxic o | 12.00h | | |
| **XOVES, 20** | Programa de prevención de condutas violentas: Uso das TICs e as redes sociais. Ciberacoso. Dpto. Orientación | Aula de referencia | Hora de titoría | 3º ESO A e D | Titores/as |
| **VENRES, 21** | Programa de prevención de condutas violentas: Uso das TICs e as redes sociais. Ciberacoso. Dpto. Orientación | Aula de referencia | Hora de titoría | 3º ESO C | Titor/a |

# ACTIVIDADES (24- 28 abril)

## SEMANA DO LIBRO:

- Agasallo para toda a ESO do marcapáxinas gañador do concurso convocado dende a Biblioteca.
- Mercadiño. Intercambio de libros no corredor diante da Biblioteca.
- Cita a cegas cun libro. Colle en préstamo o teu libro forrado e o seu título será unha sorpresa!

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| **LUNS, 24** | Programa de prevención de condutas violentas: Uso das TICs e as redes sociais. Ciberacoso. Dpto. Orientación. | Aula de referencia | Titoría 13.10h | 3º ESO B | Titor |
| **MARTES, 25** | **REVOLUÇAO DOS CRAVOS**<br>Soará durante o lecer o "Grândola, vila morena" do Zeca Afonso. | Corredores | Lecer | ESO e BAC (quen non secunden a folga) | Departamento de Galego |
| **MÉRCORES, 26** | Viaxe cultural a Lugo, Proxecta Terra. | Lugo | 8.30h-18.00h | 4º ESO C e 5 alumnas de 4º A e B que forman parte do EDL<br>(Haberá listaxes encima da mesa do profesorado para poder pasar lista) | Elvira Moroño<br>Inés Rodríguez |
| | Mercadiño. Intercambio de libros. | Corredor diante da Biblioteca | Lecer | ESO e BAC | Departamento da Biblioteca |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **XOVES, 27** | Olimpíada Matemática 2º ESO | CFR Ourense | 11.00h - 14.00h | 4 alumnos de 2º ESO:<br>Iago Bautista<br>Noa Carnero<br>SamuelRguez.<br>RodrigoMtnez | Rosa Pinal<br>Rosa Álvarez |
| **VENRES, 28** | Conferencia sobre medio ambiente a cargo do enxeñeiro Gael Verao. | Paraninfo | 10.00h - 11.00h | Alumnado de Ciencias da Terra de 2º BAC e 1º BAC F<br>(Haberá listaxes encima da mesa do profesorado para poder pasar lista) | Departamento de Ciencias |

# ACTIVIDADES (2- 5 maio)

**ABSTRATOM. Exposición pictórica do grupo Abstratom3 do Otero Pedrayo: Manuel Sánchez Seco, Sonia González Hernández e Antonio Fernández Seoane.**
**Patio cuberto esquerdo do IES Otero Pedrayo.**
**Do 2 ao 16 de maio.**

**GALIMIENS: Intercambio con Francia. O noso alumnado viaxa a Saint Quentin.**
**Do 4 ao 14 de maio**

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| **XOVES, 4** | Saída das 9 alumnas de 3º ESO cara París. **Programa Galimiens de intercambio.** (Haberá listaxes encima da mesa do profesorado para poder pasar lista) | | | | Susana Iglesias |
| **VENRES, 5** | Conferencia: “Mulleres e xénero”. Laura Campo, doutora en Física Plan Proxecta. | Paraninfo | 11.30-12.20 | 3º ESO | Rosa Fernández Vázquez Carolina Suárez Leticia Álvarez |

# ACTIVIDADES (8- 12 maio)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| **LUNS, 8** | **Maios no Otero Pedrayo**<br>Exhibición do noso maio e canto de coplas | Patio exterior | Lecer | ESO e BAC | EDL<br>Equipo directivo |
| | Programa VIXÍA: **Trastornos de alimentación/** etiquetado. Dpto. Orientación | Aula de referencia | Hora de titoría | 1º ESO A, B, C | Titores/as |
| | **Tertulias literarias** en castelán | Liceo de Ourense | 16.00h - 19.00h | Alumnado voluntario de 4º ESO e 1º BAC<br><br>(Haberá listaxes nas aulas para pasar lista) | Departamento de Lengua |
| **XOVES, 11** | Visita a **Galiciencia** | Parque tecnolóxico de Ourense | 9.30h-14.00h | Alumnado de 2º ESO<br><br>(Haberá listaxes nas aulas para pasar lista) | Departamento de Tecnoloxía |

# ACTIVIDADES (15- 19 maio)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| **LUNS, 15** | **Filosofía e movemento** | Patio exterior | 16.00h- - 17.40h | 1º BAC A e D | Antonio Seoane |
| **MARTES, 16** | Visita a **Catedral de Ourense** | Catedral | 12.20h- 14.00h | **Alumnado de Relixión** de 1º ESO A, C e 2º ESO D<br><br>(Haberá listaxes nas aulas para pasar lista) | Departamento de Relixión<br><br>(Afecta a Matemáticas, EF, PROXCOM, Plástica e Lingua castelá) |
| **XOVES, 18**<br><br>**Letras Galegas**<br>**Francisco del Riego** | **Concurso-exposición sobre o autor homenaxeado (do 15 ao 25 de maio)** | Entrada do edificio histórico | Durante toda a semana | ESO<br>BAC | Equipo de Dinamización Lingüística. |
| | **Sopa das letras** Agasallo dunha sopiña de letras durante o lecer. | Entrada do edificio histórico | 11.00h- 11.30h | ESO<br>BAC | |
| | Encontro cun escritor: **Pedro Feijoo** | Paraninfo | 12.20h | 1º BAC<br>B, D, DX, F | Dpto. Galego<br><br>Olga Porral<br>Yolanda Domarco<br>Chus Andrade<br>Conchita Fdez. |
| | **Roteiro literario + actividade de orientación**<br>➢ *A esmorga,* | Casco histórico | Horas de Educación Física | 4º ESO<br>1ª BAC | Dpto. Educación Física |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Blanco Amor<br>➢ Carlos Casares | | | | |
| **VENRES, 19**<br>**Día dos Museos** | **Visita guiada e contada ao Xardín do Posío**<br>Plan Proxecta Terra | Xardín do Posío | 10.10h-11.00h | 4º ESO C | Elvira Moroño |

## ACTIVIDADES (22- 26 maio)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| **LUNS,** 22 | **Acto de Graduación 2º BAC** | Auditorio Provincial | 19.30h | 2º BAC | Aberto a todo o claustro |
| **MARTES,** 23 | **Chegada do alumnado francés do intercambio Galimiens.** | IES Otero Pedrayo | Última hora da tarde | 3º ESO | Departamento de Francés |
| **MÉRCORES,** 24 | Presentación de **Gana de simetrías. Carpeta de gravados de Xosé Poldras, con textos de Ana Gloria Rodríguez e Pablo Rodríguez.** | Paraninfo do IES Otero Pedrayo de Ourense. | 20.00h | Público xeral | |

# ACTIVIDADES (5- 9 xuño)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| XOVES, 8 | Bautismo náutico | Castrelo de Miño | 9.00h - 14-00h | 1º BAC A<br>4º ESO C | Profesorado Departamento de Educación Física |

# ACTIVIDADES (19- 21 xuño)

| DÍA | ACTIVIDADE | LUGAR | HORA | GRUPOS | PROFES |
|---|---|---|---|---|---|
| MARTES, 20 | Estrea teatral de MOMO | Paraninfo | 11.30h - 12.20h | 3º ESO<br>4º ESO | Vicedirección |

# III. RESUMO POR DEPARTAMENTOS DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS AO LONGO DO CURSO 2022-2023

## DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

### ➢ RALLY MATEMÁTICO

O alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO participou un ano máis na nova edición do Rally Matemático sen fronteiras.

- Data: abril
- Lugar: IES Otero Pedrayo
- Alumnado: 1º, 2º e 3º ESO

### ➢ OLIMPÍADA MATEMÁTICA

Iago Bautista, Samuel Rodríguez, Noa Carnero e Rodrigo Martínez, de 2º ESO, participaron na Olimpíada Matemática celebrada no CFR de Ourense.

- Data: 27 de abril
- Lugar: CEFORE de Ourense
- Alumnado: 2º ESO



### ➢ EXPLÍCOCHE MATEMÁTICAS 2.0

O alumnado de 1º e 2º BAC volveu participar este ano no "Explícoche Matemáticas 2.0", acadando un accésit na súa categoría co traballo "A teoría de grafos". O premio recollerano na Facultade de Matemáticas de Santiago de Compostela, no mes de setembro.

- Data: xuño
- Lugar: Telemático
- Alumnado: 3º ESO



- **DÍA INTERNACIONAL DAS MATEMÁTICAS**

Desde o 2019, a UNESCO declarou o 14 de marzo como o Día Internacional das Matemáticas que, en moitos países e dende hai moito tempo, xa se viña celebrando como do Día de Pi (14 de marzo (3/14).
O Departamento de Matemáticas do Otero organizou diferentes actos arredor desta data:
- Exposición en banda deseñada de "Mulleres matemáticas ao longo da historia", facendo coincidir a inauguración co Día da Muller.
- Conferencia da matemática Rosa M. Crujeiras, directora do Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMaga).
- "Outras matemáticas": obradoiros de papiroflexia, fractais, pasatempos, lecturas...
- Data: mes de marzo
- Lugar: Aulas de referencia
- Alumnado: ESO



- **ESTÍMULO DE TALENTO MATEMÁTICO**

En setembro púxose en marcha, un ano máis, na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela unha nova edición do ESTALMAT, na que participou o noso alumno SAMUEL RODRÍGUEZ SEOANE, de 2º ESO A, xunto cos restantes compañeiros e compañeiras seleccionados en Galicia .
- Data: Durante todo o curso
- Lugar: Santiago de Compostela
- Alumnado: 2º ESO

## DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

- **IDEA O TEU COMERCIO**

Certame escolar que o director xeral de Comercio e Consumo, Manuel Heredia, e a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández Novoa, presentaron o 16 de setembro no IES Otero

Pedrayo. O obxectivo principal do concurso é achegar aos máis novos ao comercio de proximidade e traballar unha idea pioneira e innovadora, que contribúa ao densenvolvemento da súa contorna, ao tempo que se respecta o medio ambiente. O alumnado de Economía participou no concurso.

- Data: 16 de setembro
- Lugar: Biblioteca do IES Otero Pedrayo
- Alumnado de Economía

➢ **EMPRENDEMENTO**

Ao longo de todo o curso e grazas á "Asociación de jóvenes empresarios" de Ourense, o alumnado de Economía recibiu varias charlas e obradoiros relacionados co emprendemento empresarial, sendo a de "Marketing non só son as redes sociais" a que máis impactou ao noso alumanado.

- Data: Durante todo o curso
- Lugar: Biblioteca do IES Otero Pedrayo
- Alumnado de Economía

➢ **YOUNG BUSINESS TALENT**

O alumnado de 1º BAC B e Bacharelato Xeral chegou á semifinal da simulación empresarial Young Business Talentes, polo que recibiu cadanseu título acreditativo.

- Data: Maio
- Lugar: Aula
- Alumnado: 1º BAC B e Bacharelato Xeral



## DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

➢ **OLIMPÍADA DE XEOGRAFÍA**

No mes de xuño, un grupo de alumnas e alumno de 3º da ESO viaxaba a Santiago de Compostela para participar na Olimpíada Galega de Xeografía, quedando unha das alumnas, Sabela Balea, de terceira e pasando a participar na fase nacional.

- Data: xuño
- Lugar: IES
- Alumnado: 3º ESO



- **EXPOSICIÓN "O REINO NUN MAPA"**

O profesor Mateo Martínez, colaborador coa revista de historia e cultura Mazarelos, montou no edificio anexo do noso centro a exposición "O Reino nun mapa", serie de mapas que utilizan como nexo de unión o espazo ocupado polo Reino Medieval de Galicia.

- Data: Primeiro trimestre
- Lugar: Edificio anexo
- Alumnado: ESO e BAC

- **VISITA Á CATEDRAL DE OURENSE**

O alumnado de Historia da Arte de 2º BAC do Otero Pedrayo realizou unha completa visita á un dos grandes templos románicos de España: a catedral de Ourense.

- Data: 11 de decembro
- Lugar: Ourense
- Alumnado: 2º BAC

- **VISITA AO PARLAMENTO GALEGO E Á XUNTA DE GALICIA.**

O 19 de xaneiro, a través do programa "Coñece as túas institucións", o alumnado de 2º ESO tivo a oportunidade de coñecer o parlamento galego e a Xunta de Galicia mediante unha visita guiada ás diferentes estancias e con explicacións do funcionamento interno de ambas institucións.

- Data: 19 de xaneiro
- Lugar: Santiago de Compostela
- Alumnado: 1º ESO

## DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

- **OLIMPÍADA DE FILOSOFÍA**

Tres alumnas de 1º BAC do IES Otero Pedrayo participaron o 20 de xaneiro na última edición da Olimpíada filosófica, celebrada na facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela. Un ano máis, foi un lugar de encontro para o alumnado que desexa facer do exercicio do pensamento libre non só unha obriga escolar, senón máis ben unha forma de vida.

- Data: 20 de xaneiro
- Lugar: Santiago de Compostela
- Alumnado: 1º BAC

- **FILOSOFÍA E MOVEMENTO**

O alumnado de 1º BAC puido gozar dun obradoiro centrado en agudizar a súa conciencia corporal e cinética, con reflexións filosóficas sobre corpo e movemento. Foi impartido polo bailarín e coreógrafo Javier Martín.

- Data: maio
- Lugar: Pompeo
- Alumnado: 1º BAC

## DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

➢ **SEMANA BRANCA do IES OTERO PEDRAYO (1° BAC)**

Deporte, convivencia, novas experiencias... O alumnado de 1° BAC puido aprender e practicar un dos deportes de inverno por excelencia: o esquí. Tiveron todos os días curso con monitor, práctica libre e un estupendo hotel para repor forzas!

- Datas: 12- 18 de marzo
- Lugar: Sierra Nevada
- Cursos: 1º BAC



➢ **XOGOS POPULARES**

Un clásico do Magosto do Otero Pedrayo son os xogos populares. Un ano máis, o Departamento de Educación Física foi o organizador.

- Datas: 10 de novembro
- Lugar: patio exterior
- Cursos: ESO

➢ **LECERES ACTIVOS E GARDAS SAUDABLES**

Bádminton, voleibol e baloncesto foron algúns dos deportes que o noso alumnado puido practicar durante os leceres e gardas saudables ao longo de todo o curso, con ligas internas entre os diferentes grupos.

- Datas: durante todo o curso
- Lugar: patio exterior
- Cursos: ESO e BAC

➢ **BATALLA DE COREOGRAFÍAS DE TODA A ESO e BAC**

O alumnado da ESO, titorizado polo alumnado de 2º BAC, preparou cadansúa coreografía que logo presentou ao resto dos compañeiros e compañeiras o día da celebración do Entroido.

- Datas: segundo trimestre
- Lugar: patio e pavillón Pompeo
- Cursos: ESO e BAC

- **ROTEIROS DE ORIENTACIÓN. MOVÉMONOS POLO GALEGO!**
  Baixo este lema, o alumnado de 4º ESO e 1º BAC desenvolveu unha actividade interdisciplinar (Departamento de Galego e Departamento de Educación Física) na que, despois de elaborar nas aulas dous roteiros literarios pola zona histórica de Ourense, puxéronos en práctica a través dun xogo de orientación no que tiñan que ir descubrindo os diferentes puntos sinalados no percorrido e anotando a información de cada un deles a través dun código QR.

- Datas: maio
- Lugar: zona histórica de Ourense
- Cursos: 4º ESO e BAC




- **CURSO RCP E ATRAGOAMENTO PARA  O ALUMNADO**
  Pablo Fernández Valencia, xefe do Departamento de Educación Física, impartiu un curso de Reanimación Cardiopulmonar e atragoamento ao alumnado da ESO e BAC do IES Otero Pedrayo.

- Datas: terceiro trimestre
- Cursos: 3º, 4º ESO, BAC

- **ENCONTRO INTERCENTROS DE ATLETISMO: 1º POSTO**

Excelente a participación do noso alumnado no encontro celebrado en Expourense con centros de toda a provincia, quedando CAMPIÓNS deste primeiro encontro de atletismo.

- Data: 23 de marzo
- Cursos: ESO

- **XOGADE. PARTICIPACIÓN BÁDMINTON INTERCENTROS.**
  O IES Otero Pedrayo participaba o 8 de abril nos primeiros xogos intercentros de bádminton organizados pola Fundación Expourense. Participaron 300 escolares de 1º e 2º da ESO de centros de Ourense, Ribadavia, Viana do Bolo, Xinzo, Bande, Padrenda, Celanova e Verín.
  Os resultados para o Otero Pedrayo foron excelentes: 1º posto para 1º ESO e 2º posto para 2º ESO.



- **PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO. Plan Proxecta.**
  Durante todo o curso, o Departamento de Educación Física desenvolve un ambicioso proxecto deportivo de centro . Para consultalo, ir a PLANS PROXECTA- PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO ao final da memoria)
- Datas: durante todo o curso
- Lugar: Pavillón Pompeo, canchas exteriores.
- Cursos: toda a ESO

- **BAUTISMO NÁUTICO**

Padel, windsurf, vela, kayak ou o barco dragón foron algunhas das modalidades náuticas que gozou o noso alumnado de 4º ESO C e 1º BAC E en Castrelo.

- Datas: 8 de xuño
- Lugar: Castrelo de Miño
- Cursos: 4º ESO e 1º BAC



- **OLIMPÍADA DEPORTIVA**

Non hai un final de curso que se preste sen actividade deportiva. Este ano houbo competicións de volei, floorball, baloncesto e brilé.

- Datas: 21 de xuño
- Lugar: Pavillón Pompeo
- Cursos: 3º e 4º ESO

## DEPARTAMENTO DE CIENCIAS

- **VACINAS CONTRA O CANCRO**

O 20 de xaneiro, o alumnado de 1º BAC D e E, así como o de Bioloxía de 2º BAC, puido asistir a unha interesante charla, "Vacinas contra o cancro", centrada neste tipo de inmunoterapia que fortalece as defensas naturais do corpo contra o cancro e deseñada para usala en persoas que xa teñen algún tipo de tumor.

- Datas: 2o de xaneiro
- Lugar: Paraninfo
- Cursos: BAC

- **OLIMPÍADA DE BIOLOXÍA**

O 3 de febreiro, o noso centro participou na fase provincial da Olimpíada de Bioloxía, clasificándose para a fase Galega, que se celebrou o 17 de febreiro. Breogán Janeiro e Carla González foron o alumno e a alumna de bacharelato que pasaron a esta fase autonómica.

- Datas: 3 e 17 de febreiro
- Lugar: En liña/ Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña
- Cursos: BAC

➢ **VISITA Á FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR**

O alumnado do STEMBAC viaxou a Vigo para visitar a Facultade de Ciencias do Mar, CACTI E Estación Mariña de Toralla.

- Data: 23 de marzo
- Lugar: Vigo
- Cursos: STEMBAC Ciencias

➢ **CHARLA *QUEN CONTA E NOMEA AS ESPECIES?***

Baixo este título, Óscar Reverter Gil, doutor en Bioloxía e especialista en Zooloxía mariña, falounos no Otero Pedrayo sobre Biodiversidade; é dicir, sobre a cantidade de especies que habitan nun determinado lugar e momento. Pero, como se chega a coñecer esas especies, que non traen un rótulo que as identifique? Quen as conta e como? Quen lles pon nome? Os taxónomos son os responsables.
Óscar tamén nos falou da necesidade de dominar a lingua para poder dar a coñecer os descubrimentos científicos, da conexión de varias ciencias para avanzar no coñecemento, ou de como a colaboración entre policías, arqueólogos e zoólogos mariños levou a resolver un caso de ánforas roubadas.
Para rematar, o investigador fíxonos reflexionar sobre o mal uso da palabra "gasto" referido á educación ou á investigación. Os cartos adicados a estes conceptos son investimentos no futuro do noso mundo, un mundo que debemos considerar que temos prestado e, polo tanto, na obriga de conservalo.

- Data: 27 de marzo
- Lugar: Paraninfo
- Cursos: ESO

➢ **UNIDADE DE INNOVACIÓN EXPERIMENTAL, SIMULACIÓN CLÍNICA E SEGURIDADE DO PACIENTE DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE**

O alumnado de Bioloxía de 1º BAC visitaba a primiera semana de maio a Unidade de Innovación e Simulación da área sanitaria de Ourense. Alí tivo a oportunidade de ver como se traballa con bonecos computerizados que poden simular diversas situacións que se dan en hospitais. Tamén fixeron unha disección e un estudo da anatomía interna dunha rata. É unha actividade xa consolidada no noso centro e que ten grande aceptación entre o noso alumnado.

- Datas: abril
- Lugar: Unidade de innovación experimental de Ourense
- Cursos: BAC




- **OLIMPÍADA DE RECICLOS**

O 15 de marzo, o alumnado de Ciencias de Terra de 2º BAC participou na campaña Reciclos da Xunta de Galicia e Ecoembes, centrada na reciclaxe dos envases que van aos colectores amarelos.

- Data: 15 de marzo
- Lugar: Xardín do Posío
- Alumnado: 2º BAC

- **ENERXÍA RENOVABLE MARIÑA**

O doutor Gael Verao Fernandez, investigador Post-doutoral de Aalborg University, deu unha conferencia sobre Enerxías Mariñas Renovables ao alumnado de 1º e 2º de Bacharelato. Esta versou, principalmente, sobre a utilización da enerxía das ondas do mar para producir enerxía electrica, como resposta á crecente demanda de enerxía do mundo occidental. Este tipo de enerxía é renovable e con moitas posibilidades de desenvolvemento na nosa comunidade; e pode ser unha alternativa válida para substituir as fontes de enerxía non renovables como o carbón ou o petróleo, ou incluso o gas natural.
Gael Verao#innovation,#OpenScience,#H2020#MSCA#ISLINTON

- Data: 28 de abril
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: 1º e 2º BAC

## DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

- **FESTIVAL DE CURTAMETRAXES**

  O Departamento de Tecnoloxía organizou o III Festival de Curtametraxes do IES Otero Pedrayo, con entrega de premios ás tres mellores. As tres finalistas foron visionadas, de novo, no festival de fin de curso.

- Data: 18 de maio
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: 3º ESO e 1º BAC




- **"MORE THAN HUMAN" e STEVEN MEISEL**

O departamento de Tecnoloxía organizoulle ao alumnado de bacharelato unha excursión ben completa á Coruña! Visitaron o ambicioso proxecto expositivo inmersivo e interactivo sobre intelixencia artificial "More than Human", que deixou aos rapaces e rapazas coa boca aberta. E, por se non fora suficiente, aínda visitaron a exposición fotográfica do gran Steven Meisel, Steven Meisel 1993 a Year in

Photographs; un percorrido por un dos anos clave do fotógrafo, no que destaca a súa intensa colaboración con Vogue, para a que chegou a asinar 28 portadas e máis de 100 editoriais.

- Data: 29 de decembro
- Lugar: A Coruña
- Alumnado: BAC

## ➢ VOLAMOS CON NÚMEROS: UNHA AVENTURA AÉREA

Este é o nome da actividade á que o noso alumnado de 2º ESO tivo o privilexio de asistir na Tecnópole. Encomendáronlle unha misión do Centro de Coordinación Conxunto que tiveron que cumplir realizando un voo en simuladores avanzados, despois de realizaren os pertinentes cálculos matemáticos con unidades, distancia, velocidade e tempo, determinando o rumbo correcto e chegando a dominar a navegación, sempre con instrutores cualificados que lle ofreceron asistencia e orientación durante a formación de voo e o desenvolvemento da misión.

- Data: 2 de marzo
- Lugar: Tecnópole Ourense
- Alumnado: 2º ESO



## ➢ O INTERNET DAS COUSAS

Rebeca Pilar Díaz Redondo, directora da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións da Universidade de Vigo, visitou o noso centro para falarnos sobre IoT ou "Internet das Cousas", que vén sendo a conexión de multitude de dispositivos electrónicos á rede Internet.

Ata vai relativamente pouco tempo, só ordenadores, teléfonos e tablets se conectaban á rede; porén, hoxe en día, calquera dispositivo electrónico pode facelo, o que facilita a conexión entre todos eles. Lavadoras, calefaccións, persianas, televisións, lámpadas, reloxos, coches, inclusos medidores de insulina para diabéticos...; todos estes obxectos de uso cotiá están a ser incorporados.

Rebeca Pilar Díaz Redondo explicoulle ao alumnado, de xeito ameno e moi simple, a infraestrutura necesaria para que todos eses dispositivos poidan estar conectados.

- Data: 23 de febreiro
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: ESO

## ➢ GALICIENCIA

Pablo Conde, alumno de 4º ESO, co seu semáforo feito con leds e activado por unha placa de arduino, foi seleccionado para o Galiciencia 2023. Puido gozar de tres días na Tecnópole onde conviviu con inventos e compañeiros/ compañeiras de toda Galicia, ademais de participara en varias actividades, como a do simulador de voo. Toda unha experiencia.
Grazas ao éxito de Pablo, compañeiros de 2º ESO tamén visitaron Galiciencia e puideron ver a exposición dos 51 proxectos da edición actual, participaron no obradoiro "A conquista da atmosfera" ou asistiron á charla "Ata o infinito... e máis aló". Tamén lle ensinaron ao noso alumnado a facer vórtices toroidales ou lles explicaron por que voan os avións.

- Data: 15 de maio
- Lugar: Tecnópole

## DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

### ➢ VIAXE A PARÍS

Con todas as visitas preparadas de antemán, cun completo caderno de traballo e, o máis importante, con toda a ilusión do mundo, collía o avión o 13 de marzo o noso alumnado de Francés de 1º BAC cara a "ville lumière". La tour Eiffel, les Invalides, la Madeleine, la Place Vendôme, le Palais Garnier, la Sainte Chapelle, la Place des Vosges, la Place de la Bastille, Montmartre, Versailles, les Ponts de Paris, le Palais du Louvre, Concorde, , les Champs Élysées, les Arcs de Triomphe... e moito máis gozou o noso alumnado na cidade da luz. E é que Paris NUNCA defrauda... Que viaxe tan bonita tiveron os rapaces e rapazas de Francés de 1º BAC!
https://www.facebook.com/InstitutoOteroPedraioOurense/videos/737748824554498

- Data: 13- 18 de marzo
- Lugar: París
- Alumnado: 1º BAC de Francés

### ➢ TEATRO EN FRANCÉS

O alumnado de Francés asistiu á peza "Le trour du Monde", de Nellie Bly.

- Data: 3de marzo
- Lugar: Auditorio
- Alumnado: 1º BAC de Francés, 3º e 4º ESO

### ➢ DÍA DA FRANCOFONÍA

Para celebrar esta efeméride, un food truck visitou o noso centro para impartirlle ao alumnado de 3º e 4º ESO un obradoiro de elaboración dun dos doces máis típicos da Bretaña francesa: as crêpes. A rapazada elaborou e degustou este riquísimo manxar.

- Data: 13- 18 de marzo
- Lugar: París
- Alumnado: 1º BAC de Francés



- **GALIMIENS.**

**O NOSO ALUMNADO VISITA SAINT QUENTIN E PARÍS.**

O alumnado de Francés de 3º de ESO viaxou a Francia no marco do programa de intercambio Galimiens (7 días), que se viu complementado coa visita cultural e turística a París (3 últimos días).

Foi toda unha experiencia de convivencia e aprendizaxe, con asistencia ás aulas cos compañeiros e compañeiras franceses, actividades diversas (como a entrevista co campión do mundo de baloncesto Javier Beirán) e visitas guiadas da vila de Saint-Quentin, considerada un referente do estilo Art-Déco e punto estratéxico de relevancia tanto na Primeira coma na Segunda Guerra Mundial.

Ademais de mellorar as súas competencias en lingua francesa, este intercambio permitiulle ao noso alumnado coñecer modos de vida diferentes dos propios (horarios, costumes, gastronomía, vida escolar...) e tamén disfrutar dos lugares máis emblemáticos da fermosa Cidade da Luz.

A segunda parte desta actividade terá lugar entre o 23 e o 30 de maio, datas nas que as familias do noso alumnado acollerán nas súas casas aos seus "correspondants" franceses. Todos nós estaremos tamén encantados de recibilos no Instituto.



**O ALUMNADO FRANCÉS VISITA A NOSA CIDADE.**

A última semana de maio tivo lugar a segunda parte do intercambio Galimiens coa visita do alumnado francés a Ourense.

Foron sete días de convivencia cos nosos rapaces e rapazas, nos que coñeceron o noso museo e o noso centro, asistiron a clase, tiveron sesións especiais de laboratorio, plástica e deporte, foron recibidos no Concello e fixeron unha visita guiada á nosa cidade, gozaron das termas e aínda lle deu tempo de facer unha excursión a Compostela! Toda unha experiencia que queda gravada nos corazóns dos nosos nenos e nenas.

## DEPARTAMENTO DE INGLÉS

- **PROBAS DE NIVEL DE LINGUAS ESTRANXEIRAS**

O IES Otero Pedrayo participou na segunda convocatoria para a realización de probas de nivel de linguas estranxeiras. Presentáronse de xeito GRATUÍTO, 48 alumnos e alumnas de 2º BAC ás probas de Cambridge, obtendo uns excelentes resultados.

- **TEATRO EN INGLÉS. THREE STORIES OF ENGLAND**

Este foi o título da peza teatral en inglés á que asistiu o alumnado de 3º ESO, representada no Auditorio provincial.

No Otero sabemos que o teatro sempre é unha fantástica ferramenta lúdica e pedagóxica para estimular a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, e tamén para dar a coñecer autores e obras da literatura inglesa; de aí que o noso alumnado participe sempre destas magnníficas oportunidades que nos brinda a Concellaría de Educación do Concello de Ourense.

- Data: 14 de febreiro

- Lugar: Auditorio provincial
- Alumnado: 3º ESO

➢ **FACETIME WITH PREVIOUS TA**

Nos bacharelatos, fixéronse facetime con Lorens (New York)

## DEPARTAMENTO DE LENGUA ESPAÑOLA

➢ **TERTULIAS LITERARIAS**

O IES Otero Pedrayo participou, xunto con outros centro da cidade, nas Tertulias Literarias organizadas pola Concellaría de Educación do Concello de Ourense. Participaron 29 alumnos e alumnas de 4º ESO e 1º BAC, que comentaron a novela de Isaac Rosas, *Lugar seguro*.

- Data: 11 de maio
- Lugar: Liceo de Ourense
- Alumnado: ESO



➢ **SEXISMO NA PRENSA**

Despois do traballo coa prensa desenvolvido nas aulas con alumnado de 2º e 3º ESO, o venres 17 de marzo tivemos no Otero Pedrayo un encontro coas periodistas Alba Chao Vázquez e Laura Vázquez Prieto. Ambas as dúas fan parte do colectivo Xornalistas Galegas, que tenta promover unha práctica xornalística afastada do sexismo. Con enormes doses de calma e didactismo, explicáronnos o que procuran desde a súa asociación: a necesidade de que os medios conten con asesoramento en perspectiva de xénero, a importancia dun tratamento especializado da violencia contra a muller, a reivindicación dunha maior cobertura xornalística en eidos como o deporte feminino,...

Agradecemos que nos lembraran a responsabilidade que os medios teñen na erradicación do sexismo, así como o papel activo do público, xa que como receptores temos a posibilidade de rexeitar un xeito de facer xornalismo e apoiar outro que sexa respectuoso. E na formación dun público concienciado coa igualdade, debemos estar nós: o IES Otero Pedrayo, comprometido cun ensino público de calidade.

- Data: 17 de marzo
- Lugar: IES
- Alumnado: ESO



- **POESÍA E COR**

Cando se une a pintura e a literatura, o resultado non pode ser máis ca excelente. Así foi nesta actividade, na que colaborou o departamento de Lengua e o de Plástica e se completou coa exposición destes poemas ilustrados polos nosos rapaces e rapazas.

- Data: terceiro trimestre do curso
- Lugar: IES
- Alumnado: ESO

## DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

- **TERTULIAS LITERARIAS**

Un ano máis, o IES Otero Pedrayo participou nas tertulias literarias organizadas pola Concellaría de Educación do Concello de Ourense.

Despois de dous encontros con alumnado doutros centros de ensino da provincia, o 24 de xaneiro, os rapaces e rapazas de 4º ESO e 1º BAC tiveron un encontro con LEDICIA COSTAS, autora de Golpes de luz, novela escollida para esta edición.

- Data: 24 de xaneiro
- Lugar: Liceo de Ourense
- Alumnado: ESO e BAC



- **ANDREA MACEIRAS**

O alumnado de 2º ESO leu no segundo trimestre a novela `Que me pare o corazón se te esquezo´ e tivo a sorte de coñecer e falar coa súa autora, Andrea Maceiras, que visitou o noso centro. Foi unha charla amena, divertida e que nos deixou a todos e a todas con ganas de ler máis dela.

- Data: 13 de abril
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: 2º ESO

- **OURENSE LITERARIO**

O alumnado de 3º ESO puido gozar dun paseo urbano para descubrir algúns dos espazos clave do Ourense literario: escritores, artistas, escenarios de novela, xornais...

- Data: 19 de abril
- Lugar: Zona histórica de Ourense
- Alumnado: 3º ESO

- **LETRAS GALEGAS 2023: FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO.**



- **XIMNASIO LÉXICO**

Grazas ás xestións do profe Henrique Sánchez, o alumnado do IES Otero Pedrayo tivo a honra de testar o "Ximnasio léxico", unha aplicación baseada no Diccionario da RAG coa que xogamos e aprendemos ao mesmo tempo. O 12 de xuño estreouse a aplicación.

- Data: 12 de xuño

## DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

- **QUE TEN QUE VER A QUÍMICA CON NÓS?**

Este foi o título da charla tan interesante que Ricardo Riguera Veiga impartiu ao alumnado de 2º BAC D e 1º BAC Ciencias. O Catedrático de Química Orgánica da USC reflexionou sobre ata que punto a química está presente nas nosas vidas, destacando o uso nos fármacos, plásticos, biotecnoloxía, ecoloxía, nanotecnoloxía, etc.

- Data: 24 de abril
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: BAC

- **MULLERES E CIENCIA**

A doutora en Física da Universidade do Porto, Laura Campo, ex- alumna do IES Otero Pedrayo, visitou o noso centro para falarlle á rapazada de 3º da ESO do papel que a muller ten no mundo científico na actualidade. Foi unha charla amena e moi, moi interesante.

- Data: 5 de maio
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: 3º ESO

- **OLIMPÍADA DE QUÍMICA**

Un ano máis, o alumnado de Física de 2º BAC D participou no Olimpíada de Química celebrada na Facultade de Ciencias do Campus de Ourense.

- Data: 9 de marzo
- Lugar: Facultade de Ciencias do Campus de Ourense
- Alumnado: 2º BAC D

- **OLIMPÍADA DE FÍSICA**

Tamén o Otero Pedrayo tivo representación na Olimpíada de Física neste curso 2022-2023

- Data: marzo
- Lugar: Facultade de Ciencias do Campus de Ourense
- Alumnado: ESO

## DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO

- **PLÁSTICA CASTREXA**

O alumnado de 1º BAC Humanidades, así como o de 3º e 4º ESO de Latín e Cultura Clásica tiveron a oportunidade de visitar na sala AFundación de ABanca toda a plástica castrexa do Museo Arqueolóxico Provincial.

- Data: 10 de febreiro
- Lugar: Sala AFundación
- Alumnado: 3º e 4º ESO



- **TEATRO GRECOLATINO**

Foron dúas as pezas de teatro grecolatino que puido ver o noso alumnado.
Pola mañá, a traxedia Agamenón; unha historia de fonda dor, paixón e vinganza, sublimada cunha espectacular posta en escena. Pola tarde, a comedia O Persa, que fixo rachar coa risa aos nosos rapaces e rapazas.

- Data: 2 de marzo
- Lugar: Auditorio
- Alumnado: 4º ESO

- **VIAXE A GRECIA. OPERACIÓN ALEXANDROS.**

O alumando de grego de 1º BAC pasou unha semana en Grecia para coñecer in sito os lugares máis emblemáticos a nivel cultural: Delfos, Kalambaka-Meteora, Tesalónica, Volos e Atenas. Semana intensa que as rapaza non han de esquecer.
https://www.facebook.com/InstitutoOteroPedraioOurense/videos/213844431158928

- Data: 2 de marzo
- Lugar: Auditorio
- Alumnado: 4º ESO

- **O PAPEL DA MULLER NA DEMOCRACIA ATENIENSE**

Susana Reboreda, profesora de Historia Antiga na UVigo, Campus Ourense, especialista na muller no mundo antigo, impartiu unha charla para o alumnado de 1º BAC Humanidades na que nos fixo reflexionar sobre aspectos da vida das mulleres que se consolidaron ao longo da historia e que non está sendo doado desbotar das nosas sociedades democráticas.
Partindo de fontes escritas, materiais e iconográficas, describiu o papel das mulleres dende a súa creación segundo a Mitoloxía ata a consolidación da democracia no sec. V a.C.; sempre relegada ao fogar, aos coidados e a outros traballos pouco recoñecidos.

- Data: 24 de abril
- Lugar: Aula de referencia
- Alumnado: 1º BAC

- **ESTES ROMANOS ESTÁN TOLOS**

Este foi o título da charla que Ana Suárez Piñeiro, profesora de Historia Antiga da Universidade de Santiago de Compostela, impartiu para o alumnado de 4º ESO e 1º BAC de Cultura Clásica, Latín e Grego.

A profesora falou dos logros dos romanos na arquitectura, enxeñaría e urbanismo. Puxo moita énfase en como moitas destas construcións seguen hoxe en uso, e como algunhas das súas ideas non se volveron levar á práctica (como un trazado de estradas en Hispania descentralizado, ou un plan de estradas para a Europa que formaba parte do imperio). Por último, animou o alumnado a poñer empeño nos seus proxectos, como fixeron os romanos, non desistir e aprender dos erros sen caer no desánimo.

- Data: 20 de decembro
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: 4º ESO e 1º BAC.

➢ **OURENSE ROMANO**

O alumnado de 3º ESO de Cultura Clásica coñeceu os restos romanos máis próximos a eles, os da súa cidade.

- Data: varias saídas ao longo do curso
- Lugar: Centro histórico de Ourense
- Alumnado: 3º ESO Cultura Clásica

## DEPARTAMENTO DE PLÁSTICA

➢ **ABSTRATOM 3**

Este é o nome da exposición pictórica que o Departamento de Plástica organizou no IES Otero Pedrayo. Sonia Hernández, Seo e Manuel S. Seco, profesores do noso centro, foron os autores destas 15 obras de arte que luciron no noso centro a primeira quincena de maio.






## DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

- **EXCURSIÓN A TUI**
  O alumnado de Relixión de 1º BAC puido gozar o luns, 6 de marzo, dunha completa visita á catedral de Tui, complementada cun paseo pola cidade olívica.

- Data: 6 de marzo
- Lugar: Tui- Vigo
- Alumnado: 1º BAC



- **VISITA Á CATEDRAL**

O 16 de maio, o alumnado de Relixión de 1º e 2º ESO visitou a catedral de Ourense e coñeceu o retablo maior, o museo, o Pórtico do Paraíso e a Capela do Santo Cristo.

- Data: 16 de maio
- Lugar: Catedral de Ourense
- Alumnado: 1º e 2º ESO

## DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- **DÍA DAS ESCRITORAS**

No día das escritoras, o Otero Pedrayo contou coa mellor para dar un obradoiro de teatro: Celia Díaz.
O alumnado de 1º ESO fixo improvisacións, coñeceu as principais características dun texto teatral, creou e representou. A nosa biblioteca encheuse de historias vividas por un sinfín de monicreques...

Data: 17 de outubro
Lugar: Biblioteca
Alumnado: 1º ESO

- **MUSEO DO IES OTERO PEDRAYO**

O 24 de outubro, o Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, D. Román Rodríguez González, acompañado do Xefe Territorial. D. Xosé Fisteos; da directora do MUPEGA, Dna. Beatriz Seco; o director do CEFORE, D. José Domínguez e a Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Dna. Judith Fernández, visitaba o Otero Pedrayo para inaugurar o noso museo, que botara a andar no ano 2009 grazas ao traballo infatigable de docentes como Conchita López, María Xosé Camba, Maíta Borrajo, Ramón Romero, Antonio Villar, Arturo Fernández ou Luis Fernández, entre outros.
No ano 2019 decidiuse sacar os fondos museísticos da sala na que se atopaban e ubicalos nos corredores e paraninfo do edificio histórico, integrándoos na súa magnífica arquitectura.
Na actualidade, é posible realizar a visita seguindo as indicacións dunha audioguía plurilingüe (galego, castelán, inglés e francés) á que se accede facilmente a través de códigos QR. Este traballo foi dirixido

maxistralmente polos compañeiros de Ciencias Pilar Rodríguez e José Manuel Puente e nel colaboraron os catro departamentos de linguas do Otero Pedrayo.
A partir de agora, o museo, pertencente á rede MUPEGA, queda aberto a toda a cidadanía en horario vespertino, facendo unha reserva previa.



- **SAMAÍN 2022**

O 28 de outubro remataba a semana do Samaín no Otero Pedrayo! Nela lemos novela de terror, escribimos microrrelatos de terror, decoramos cabazas para o noso concurso e incluso xogamos a adiviñar canto pesaba un boa cabeza!

Data: 28 de outubro
Lugar: IES
Alumnado: ESO e BAC

- **CASA MUSEO OTERO PEDRAYO**

O alumnado de 1º BAC Humanidades e STEMBAC visitaba onte a casa de Otero Pedrayo, así coma os arredores, facendo lectura de textos do patriarca das nosas letras.
A visita non puido ser máis bonita e enriquecedora e, a nosa guía, Patricia Arias Chachero, secretaria da Fundación Otero Pedrayo, non puido darnos mellor acollida, nin ser máis máis atenta, nin máis amable...

Data: 8 de novembro
Lugar: Cimadevila. Trasalba
Alumnado: 1º STEMBAC

- **MAGOSTO NO OTERO PEDRAYO**

As castañas, os bolos preñados e os xogos populares non poden faltar nun bo magosto e, desde logo, que non o fixeron no do Otero Pedrayo.
O alumnado gozou da mañá solleira de hoxe participando nas diferentes eliminatorias de brilé, soga-tira, pano e carreiras de relevos, repondo forzas cun bocata de chourizo e unhas boas castañas.

Data: 10 de novembro
Lugar: Patio exterior
Alumnado: ESO

 

- **25N: DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA**




- **22 de novembro: DÍA DOS MÚSICOS E MÚSICAS**

O 22 de novembro pomos en valor as músicas galegas a través da exposición de Laura Romero "As nosas músicas falan galego". Laura Romero é licenciada en Belas Artes e excelente música, baixista do grupo Zënzar, que despois de un ano de concertos e festivais co seu grupo, decatouse da escasa presenza de mulleres en bandas de música. Foi por isto polo que decidiu pór en marcha un proxecto de músicas galegas ilustradas, para dalas a coñecer e crear referentes para a nosa mocidade.
A proposta que trae aos centros de músicas e debuxo delas en directo é espectacular, así como a exposición coa que agasalla e foi exposta no noso centro.

Data: 22 de novembro
Lugar: Corredor edificio histórico
Alumnado: ESO e BAC

- **ENGÁNCHATE AO VOLUNTARIADO!**

A través de APES (Asociación para a prevención e educación social) o alumnado de 1º ESO puido asistir a unha charla impartida por catro persoas reclusas do cárcere de Pereiro na que se falou sobre a importancia do voluntariado como alternativa para favorecer o desenvolvemento e as relacións sociais, desde unha visión positiva e comprometida coa comunidade. Ademais, tamén se insistiu en como o voluntariado é unha ferrramenta eficaz para previr a aparición de condutas de risco, ao mesmo tempo que fomenta hábitos positivos nas persoas. Charla impactante e moi, moi necesaria.

Data: 21 de decembro
Lugar: Paraninfo
Alumnado: 1º ESO

- **FESTIVAL de NADAL:**

No Otero, non pode rematar o primeiro trimestre sen un bo festival de Nadal. Así manda a tradición e así o fixemos. Actuacións de ballet, de violín, cancións en solitario, dúos, coreografías,

panxoliñas... e ata a nosa súper produción: o musical Grease, compuxeron un festival cheo de talento e de maxia.

Data: 23 de decembro

Lugar: Paraninfo

Alumnado: ESO

- **XORNADA DE PORTAS ABERTAS:**




- **ENTROIDO INTERXERACIONAL**

17 de febreiro. Chegou o día grande de Entroido no IES Otero Pedrayo! Se esta data é xa para festexar, este ano foi por partida dobre xa que, por fin, puidemos retomar esta actividade tan bonita como é o Entroido interxeracional.

Persoas maiores do Centro Interxeracional da Farixa integráronse nas comparsas do noso alumnado da ESO e o resultado non puido ser máis enriquecedor. Prepararon o disfraz xuntos, o desfile e a coreografía para o concurso que hoxe pola mañá se celebrou no exterior do noso instituto. Porque sabemos que a convivencia e o traballo en conxunto é o mellor antídoto contra toda esa serie de prexuizos relacionados coa idade. Fóra idadismos!

Toda a xornada foi de maxia, alegría e música. Participaron todos os grupos da ESO e 1º BAC; puidemos ver a rockeiros, "playeros" ou futboleiros; asistimos a unha misa cun atraco final, fomos de enterro da sardiña, trasladámonos a Grecia e tamén aos anos 20; non faltou a festa de pixamas, os clásicos piratas ou os vaqueiros e vaqueiras do Oeste. E moito, moito máis.

https://www.facebook.com/InstitutoOteroPedraioOurense/videos/1394738241265744

Data: 17 de febreiro

Lugar: Patio exterior

Alumnado: ESO

- **23F DÍA DE ROSALÍA**

No día de Rosalía, no Otero Pedrayo plantamos pensamentos e lemos ese manifesto tan de corazón que Carme Adán escribiu para a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG). Tamén fixemos lectura do "Caldo de Gloria" e degustamos o noso caldiño, que realmente soubo a gloria.

Data: 23 de febreiro

Lugar: Patio exterior e corredores

Alumnado: ESO

- **PUEBLA DE SANABRIA**
  O 6 de marzo, o alumnado de 1º BAC de Valores Éticos viaxaba a Puebla de Sanabria. Visitaron o Castelo, a propia vila e o lago.
  Data: 6 de marzo
  Lugar: Puebla de Sanabria
  Alumnado: BAC



- **8M, DÍA DA MULLER. "NO OTERO PEDRAYO, POLA IGUALDADE"**
  A charla "As violencias machistas nas relacións de parella", impartida maxistralmente por Rosa, terapeuta ocupaciónal do Centro de Recuperación Integral para Mulleres Vítimas de Violencia de Santiago de Compostela, encetou as xornadas organizadas arredor do Día da Muller.
  O 8 de marzo tivemos un pequeno acto no que demos lectura ao manifesto e diferentes alumnas explicaron o por qué desta data. Tamén inauguramos a exposción de "As mulleres matemáticas a través do cómic"; mágnifico traballo dirixido desde o Departamento de Matemáticas. Rematamos coa colga da pancarta no balcón principal do edificio histórico.
  O programa completouse coa charla da matemática Rosa María Crujeiras ("Olladas estatísticas") e co obradoiro "Sexismo na prensa. O tratamento da violencia de xénero na prensa escrita desde o punto de vista da xornalista", que impartirá Laura Vázquez e Alba Chao.



- **DÍA DO LIBRO**

O Otero Pedrayo comezaba a última semana do mes de abril coa celebración do Día do libro. O concurso de marcapáxinas, o agasallo a todo o alumnado do marcador gañador, o mercadiño con troco de libros, a cita a cegas cun libro... foron algunhas das actividades realizadas desde a nosa Biblioteca.

Data: 25 de abril
Lugar: Biblioteca
Alumnado: ESO e BAC




- **HORTO ESCOLAR**

O horto escolar, desenvolto a través do Plan Proxecta "O Xermolón", estivo presente un ano máis no Otero Pedrayo. Desde a preparación da terra ata a recollida dos froitos, o noso alumnado puido ir vendo e experimentando todos os pasos. .

- Data: durante todo o curso
- Lugar: patio posterior
- Alumnado: ESO

 

- **DÍA MUNDIAL DO AUTISMO.**

O 2 de abril, o IES Otero Pedrayo sumouse á conmemoración do Día Mundial do Autismo uníndose á campaña "Chamémolo polo seu nome". Nas titorías, o alumnado traballou con material específico facilitado a través do Departamento de Orientación.

- **DÍA MUNDIAL DA POESÍA**

O 21 de marzo foi o Día Mundial da Poesía e no Otero Pedrayo lémola, sentímola e gozámola: de creación propia do noso alumnado, profesorado e de poetas ourensás novas: Zaira Ferradás, Jonathan Pérez e María Rosa Fernández Araújo.

Data: 21 de marzo
Lugar: Biblioteca
Alumnado: ESO e BAC




### ➢ XORNADAS SOBRE ALCOL E DROGAS NA MOBILIDADE SEGURA

O alumnado de 4º ESO puido experimentar a sensación de moverse baixo os efecto do alcol e as drogas a través de gafas de simulación; comprobaron a taxa de alcol con etilómetros, pasar diferentes probas de detección de drogas... todo isto nun obradoiro que logo se viu complementado cunha charla titulada "Mocidade, alcol e drogas".

O noso agradecemento ao Concello de Ourense e á propia Xefatura de Tráfico da cidade polo desenvolvemento desta actividade. Grazas David Llorente, Xefe Provincial de Tráfico de Ourense; Javier Barja, tenente do subsector de Tráfico da Garda Civil de Ourense, e Sinda Aguiar, coordinadora de Educación Vial da Xefatura de Tráfico de Ourense.

- Data: 29 de marzo
- Lugar: Patio interior e Paraninfo
- Alumnado: 4º ESO



### ➢ DÍA INTERNACIONAL DOS MONUMENTOS E OS SITIOS

Desde 1984, o 18 de abril conmemórase o Día Internacional dos Monumentos e os Sitios, cuxo obxectivo principal é sensibilizar e dar a coñecer a riqueza que posúe a humanidade en canto a patrimonio histórico, fomentando a súa conservación e protección.

Así o facemos no IES Otero Pedrayo; coidamos, protexemos e pomos a disposición da cidadanía o noso enorme patrimonio. Hoxe, por exemplo, gozouno o alumnado de 1º bacharelato do IES de Beade, Vigo.

- Data: 18 de abril
- Lugar: Museo
- Alumnado: 1º BAC Beade



- **VISITA IES AS LAGOAS**

Que pracer recibir no noso centro os compañeiros e compañeiras das Lagoas! Que positivo é compartir, crear sinerxias, vínculos... Neste caso, foi dar a coñecer e pór en valor o noso patrimonio; tamén o valor artístico do noso alumnado.

- Data: 19 de abril
- Lugar: IES
- Alumnado: 4º ESO

- **PROSTITUCIÓN E TRATA**

O alumnado da ESO do Otero Pedrayo recíbia no Paraninfo do noso centro unha charla tan dura como necesaria sobre a gran lacra da prostitución e a trata que, aínda non tan visible como no pasado, segue a padecer a nosa sociedade.

Ese mesmo día da conferencia, pola tarde, saltaba a nova de que a Policía Nacional desartellaba na rúa Bonhome, aquí ao ladiño mesmo do noso centro, unha rede que explotaba sexualmente a mulleres nun piso de citas.

Que sentimento de tristeza e desolación nos invadiu... Que terrible pode chegar a ser a realidade... Que necesario é coñecer esta realidade para poder combatela...

Grazas a Alumar, rede galega contra a trata, por facelo posible.

- Data: 25 de abril
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: 4º ESO

- **MOZAS NA REDE**

A Secretaria Xeral de Igualdade, Susana López Abella, e o Delegado da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, asistían no Paraninfo do Otero Pedrayo á función de peche da obra teatral didáctica "Mozas na rede", a través do programa de innovación educativa Proxecta "Por 365 días de respecto e igualdade".

A sempre marabillosa Estíbaliz Veiga presentounos catro historias baseadas en feitos reais e unha quinta de autoficción, vivida por ela mesma, centradas no grooming ou ciberacoso.

Canto nos fixo reflexionar! Que formato tan acaído para chegar á rapazada! Quedamos con ganas de máis...

- Data: 21 de abril
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: 4º ESO




- **MAIOS**

Grazas á sempre colaboradora ANPA do IES Otero Pedrayo e ao noso fabuloso EDL, un ano máis, tivemos maio no centro. As coplas para acompañalo fíxoas a rapazada da ESO; coplas magníficas nas que analizaron de xeito satírico a nosa sociedade, coplas coas que se divertiron facendo as rimas, coplas coas que aprenderon...

- Data: 5 de maio
- Lugar: Patio exterior
- Alumnado: ESO

- **PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO**

O 12 de maio o director do IES Otero Pedrayo, Daniel Lorenzo Valdivieso, viaxaba a Santiago para acompañar ao noso exalumno Adrián Vázquez Velasco no acto de entrega dos premios extraordinarios de educación galega.

Adrián, que xa obtivera o premio extraordinario na súa etapa da ESO, recibiu agora das mans do presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, o Premio extraordinario de Bacharelato do ano 2022

- Data: 18 de maio
- Lugar: Santiago de Compostela

- **PRESENTACIÓN "GANA DE SIMETRÍAS"**

O 24 de maio, o Paraninfo do IES Otero Pedrayo acolleu a presentación da Carpeta de gravados de Xosé Poldras, cunha tradución de Sófocles a cargo da nosa compañeira Ana Goria Rodríguez Alonso e unha análise científica dos efectos do cambio climático en Ridimoas de Pablo Rodríguez Fernández.

Presentou a Xosé Poldras Susana Bayo, investigadora e meteoróloga, que tamén falou sobre o cambio climático.

- Data: 24 de maio
- Lugar: Paraninfo

- **DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS**

O 18 de maio, co gallo da celebración do Día dos Museos, o alumnado de 4º ESO puido asistir a un obradoiro didáctico titulado "Parques con historia e vida", mediante o cal coñeceu en profundidade a historia do noso querido Xardín do Posío, grazas ao Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

- Data: 18 de maio
- Lugar: Xardín do Posío
- Alumnado: 4º ESO

- **MOMO**

O grupo de teatro do Otero Pedrayo estreou o 20 de xuño unha adaptación do clásico de Michael Ende, Momo. É o primeiro ano que contamos cun grupo propio e a experiencia foi moi satisfactoria. O próximo ano terá continuidade.

- Data: 20 de xuño
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: 3º e 4º ESO



- **GATO NEGRO E GATO BRANCO. TEATRO INTERXERACIONAL**

O Centro Interxeracional da Farixa, xunto co colexio Carmelitas, a Asociación para a prevencioón e a educación social e o IES Otero Pedrayo unímonos nun proxecto interxeracional que tivo como froito a posta en marcha dun grupo de teatro coa representación dunha pequena peza a final de curso.

- Data: 21 de xuño
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: 1º e 2º ESO

- **FESTIVAL FIN DE CURSO**

Coreografías, cancións, humor, curtametraxes... conformaron un festival que lle puxo o punto final a este curso 2022- 2023.

- Data: 21 de xuño
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: 1º e 2º ESO

- **GRADUACIÓNS**

**GRADUACIÓN 2º BAC**

Se hai unha cita esperada e desexada en 2º BAC, esta é a da súa graduación.
O 22 de maio, o Auditorio Provincial enchíase de ilusión, emotividade e, tamén, algún que outro nervo, nun acto de graduación no que non faltaron as palabras de toda a comunidade educativa (profesorado, alumnado e familias), actuacións musicais, recoñecementos ao alumnado do bacharelato de excelencia, así como ao que rematou a súa etapa post obrigatoria con matrícula de honra e, como non, a tan ansiada recollida de diploma e posta de banda.



**GRADUACIÓN DE 4º ESO**
O alumnado de 4º ESO celebrou, un ano máis, a súa esperada graduación. Foi un acto emotivo, cercano, no Paraninfo do noso centro. Houbo discursos, actuacións e, como non, entrega de diplomas. Tamén houbo risas e algunha que outra lágrima, iso, si, de emoción.

- **VIAXES CULTURAIS FIN DE CURSO**

Ademais das diferentes viaxes propostas polos diferentes departamentos ao longo do curso (Lugo, Santiago de Compostela, Tui, Vigo, Puebla de Sanabria ou mesmo París), o Departamento de Actividades complementarias e extraescolares organizou para os diferentes niveis unha viaxe fin de curso. Estas foron as que a continuación se nomean:

- **1º ESO: Cambados- Illa de Arousa**

A viaxe de fin de curso de 1º da ESO comezou cun obradoiro de marisqueo, seguiu cun paseo no pavi-tren para coñecer Cambados e, pola tarde, aínda houbo tempo para facer unha ruta curta ou longa polo parque natural do Carreirón, na Illa, e, como non, un bañiño na paradisíaca praia da Lameira.



- **2º ESO: Asturias- Cantabria**

Canto gozou o alumnado de 2º ESO na súa viaxe de fin de curso! Foron 5 días intensos nos que visitaron a neocova de Altamira, Santillana del Mar, Santander, as covas do Soplao, Potes, Covadonga, Cangas de Onís, Llanes e, incluso á volta, aproveitando a baixamar, disfrutaron da beleza da praia das Catedrais. Cinco días de aventura, natureza, cultura e, tamén moi importante, convivencia. Toda unha experiencia.
**https://www.facebook.com/InstitutoOteroPedraioOurense/videos/1595789910914401**

- **3º ESO: O Porto**

A cidade portuguesa do Porto foi o destino escollido por 3º ESO para a súa viaxe de fin de curso. Pasaron un día no parque de aventura máis grande da península, Diverlanhoso; visitaron o Porto cunha magnífica guía que lle foi mostrando todos os recunchos e segredos desta cidade; coñeceron a preciosísima librería Lello, a Casa da Música, o Palacio da Bolsa e, como non, fixeron o paseo en barco polo Douro. O último día, foi toda unha sorpresa a derradeira das visitas: o World of Discoveries, un museo interactivo inspirado nas viaxes dos portugueses que lle encantou á rapazada!



- **4º ESO: Londres**

O destino escollido para a viaxe de fin de curso de 4º ESO é xa un clásico: Londres.
Percorreron os lugares máis emblemáticos (o Big Ben, a Ponte e Torre de Londres, Candem, Covent Garden, St. Paul´s, parques, museos... ). Foi unha viaxe completa, divertida, moi didáctica e con mil aventuras.




- **1º BAC: Sierra Nevada**

  A semana branca do Otero Pedrayo foi este ano en Sierra Nevada. Alí, o noso alumnado gozou dun completo curso de esquí e tamén tivo tempo para visitar a sempre fermosa Granada.

## IV. VISITAS AO MUSEO DO IES OTERO PEDRAYO

Un ano máis e co obxectivo de pór en valor o noso, organizamos no instituto visitas ao noso propio museo, pertencente á rede MUPEGA (Museo Pedagóxico de Galicia), remozado e con cambio de ubicación, xa que as pezas locen nos corredores e no Paraninfo, museizando deste xeito todo o centro educativo.

Despois dun traballo de máis de 20 anos, o museo inaugurouse o venres, 12 de xuño de 2009, ás 20.00 horas, coa presenza de autoridades da Consellaría de Educación e autoridades provinciais. Foi grazas á restauración especializada e á preparación dun espazo de exposición adaptado ás necesidades do centro e que conservou durante estes anos o noso patrimonio en perfectas condicións.

O traballo impagable levárono a cabo docentes como Conchita López, María Xosé Camba, Maíta Borrajo, Ramón Romero, Antonio Villar, Arturo Fernández ou Luis Fernández, entre outros. A súa dedicación e amor polo patrimonio permitiu ter a primeira sección de MUPEGA nun IES histórico coma o Otero Pedrayo e que hoxe poidamos polo á disposición de toda a ciudadanía, empezando polo noso alumnado.

Os rapaces e rapazas de 1º da ESO, que acaban de chegar ao centro, realizaron a visita e puideron ver o material procedente dos gabinetes de Física, Química e Ciencias Naturais do século XIX e principios do século XX que alberga.

O Departamento de Ciencias, concretamente Pilar Rodríguez, foi a encargada de organizar e guiar as visitas ao noso museo.

Expoñemos, a continuación, o calendario de visitas do novo alumnado do IES Otero Pedrayo.

## CALENDARIO DE VISITAS AO MUSEO

| DÍA | HORA | GRUPO |
|---|---|---|
| Luns, 26 de setembro | 12.20h- 13.10 h | 1º ESO A |
| Martes, 27 de setembro | 11.30h- 12.20 h | 1º ESO B |
| Xoves, 29 de setembro | 11.30h- 12.20 h | 1º ESO C |

## III. MEMORIA DO BANCO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

Un ano máis, foi publicada no Diario Oficial de Galicia a Orde do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e material escolar en centros escolares sostidos con Fondos Públicos.

O IES Otero Pedrayo, como centro público que é, tramitou as solicitudes de participación do noso alumnado e realizou os demais actos de xestión previstos nesta orde.

No curso actual, efectuouse a renovación total dos libros do fondo dos cursos impares (1º e 3º ESO). O vindeiro curso renovarase o fondo dos libros dos cursos pares (2º e 4º ESO)

En total, foron adquiridos no curso actual **600 libros novos** (358 para 1º ESO, 237 para 3º ESO e 5 para 4º ESO), por un importe de **25.999´70€**.

Presentamos, a continuación, un desglose dos libros por curso cedidos ao noso alumnado.

| CURSO | LIBRO | Nº DE EXEMPLARES |
|---|---|---|
| 1º ESO | Lingua estranxeira – Inglés | 43 |
| | Lingua castelá e literatura | 57 |
| | Educación plástica, visual e audiovisual | 46 |
| | Matemáticas | 58 |
| | Lingua galega e literatura | 58 |
| | Bioloxía e xeoloxía | 21 |
| | 2ª Lingua extranxeira – Francés | 9 |
| | Educación física | 21 |
| | Relixión católica | 8 |
| | Xeografía e historia | 38 |
| | **Total libros** | **358** |
| 2º ESO | Tecnoloxía | 24 |
| | 2ª Lingua estranxeira – Inglés, Lingua estranxeira – Inglés | 41 |
| | Música | 15 |
| | 2ª Lingua estranxeira – Francés, Lingua estranxeira - Francés | |
| | Física e química | 47 |
| | Lingua galega e literatura | 48 |
| | Matemáticas | 46 |
| | Educación física | 5 |
| | Lingua castelá e literatura | 48 |
| | Relixión católica | 14 |
| | Xeografía e historia | 9 |

| | | |
|---|---|---|
| | **Total libros** | **319** |
| 3º ESO | Música | 5 |
| | Tecnoloxía | 31 |
| | Educación plástica, visual e audiovisual | 10 |
| | Cultura clásica | 12 |
| | Lingua castelá e literatura | 43 |
| | Matemáticas orient. ás ensin. académicas | 30 |
| | Bioloxía e xeoloxía | 46 |
| | Física e química | 34 |
| | 2ª Lingua estranxeira – Francés | 11 |
| | Educación física | 10 |
| | Relixión católica | 7 |
| | Xeografía e historia | 10 |
| | Lingua galega e literatura | 42 |
| | Lingua estranxeira – Inglés | 34 |
| | **Total libros** | **237** |
| 4º ESO | Tecnoloxía | 3 |
| | Economía | 12 |
| | Lingua castelá e literatura | 36 |
| | Física e química | 21 |
| | Cultura científica | 7 |
| | 2ª Lingua extranxeira – Francés | 5 |
| | Matemáticas orient. ás ensin. académicas | 37 |
| | Tecnoloxía da información e a comunicación | 8 |
| | Lingua galega e literatura | 38 |
| | Bioloxía e xeoloxía | 22 |
| | Latín | 5 |
| | Filosofía | 12 |
| | Lingua estranxeira – Inglés | 30 |
| | Total libros | **236** |

| |
|---|
| **Total**<br>**1150** |

O 21 de xuño de 2023 foron devoltos estes 1.150 libros dados en préstamo e quedan en depósito para ser entregados, previa solicitude, o curso vindeiro (2023/2024).

PLANS PROXECTA

CONTRATOS PROGRAMA

## ANEXOS

I. MEMORIA DO CLUB DE CIENCIAS

II. MEMORIA DA BIBLIOTECA

III. MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN